



Mellora da seguridade coa nova senda peonil e ciclista de A Susana a A Eirexe

O Concello de Boqueixón vén de estrenar unha nova infraestrutura que mellorará a seguridade viaria da veciñanza. O municipio xa conta cunha senda peonil e ciclista entre os núcleos de A Susana e A Eirexe. Un itinerario que se estende arredor duns dous quilómetros por la marxe dereita da estrada AC-960.

Para comprobar o resultado da actuación, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e mais ao delegado territorial na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro, realizaron unha visita á senda peonil e ciclista. As explicacións do proxecto correron a cargo da técnico Águeda Silva. Neste percorrido estiveron acompañados polo alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín, e máis polo edil Jesús Santasmarinas.

“Esta nova infraestrutura vai mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza ao



O alcalde, á esquerda, con Ovidio Rodeiro (detrás), Ethel Vázquez e Águeda Silva, durante o percorrido pola senda

tempo que mellora a súa mobilidade entre A Susana e A Eirexe. Cómpre ter en conta que nos aproximadamente dous quilómetros que separan estes dous núcleos se atopan servizos de interese como o polígono industrial de Sergude e tamén a Escola Unitaria desta parroquia, polo que é punto de paso para numerosos

veciños e veciñas”, asegurou o rexedor. Manuel Fernández Munín agradeceu á Xunta de Galicia a creación desta necesaria infraestrutura. A inversión realizada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para este proxecto ascendeu aos 500.000 euros.

A senda peonil e ciclista abrangue dous treitos. O

primeiro une o núcleo de A Susana co polígono industrial de Sergude, polo que nos seus primeiros metros este itinerario transcorre polo termo municipal de Santiago. O segundo treito, desde o parque empresarial continúa ata o lugar de A Eirexe, chegando á altura da Escola Unitaria da parroquia de Sergude.

O Pleno aproba o arranxo da cuberta do local social de Lestedo

O Pleno de Boqueixón acordou por unanimidade unha modificación do proxecto denominado *Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros*. Tal e como explicou o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín, os cambios veñen da-

dos “pola necesidade de arranxar a cuberta do local social de Lestedo”.

Para isto, “a partida que estaba destinada neste proxecto á melloras no centro de saúde elimínase para poder acometer a reposición total da cuberta, xa que se trata dunha ac-

tuación prioritaria dado o mal estado no que se atopa”, explicou o rexedor.

Nesta primeira sesión plenaria do ano, o grupo de goberno acordou modificar tamén o proxecto de acondicionamento da parcela que se atopa fronte ao consistorio bo-

queixanés. Neste caso, os cambios nesta actuación contemplarán a habilitación dunha estrutura metálica prefabricada para albergar o parque móbil do Concello, así como a nivelación das distintas alturas do terreo e a habilitación dun muro de contención.

Boqueixón iniciará unha nova campaña de compostaxe doméstica con 50 contedores

Como integrante da rede de Concellos adheridos ao programa de Compostaxe Doméstica da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), Boqueixón porá en marcha unha nova campaña de compostaxe doméstica. Así, contarán con ata 50 contedores para repartiren entre a veciñanza que queira participar nesta iniciativa.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, anima á veciñanza “a sumarse a esta nova iniciativa coa que pretendemos reducir a cantidade de basura que remata nos contedores. Con este sistema, ademais, contribuímos a coidar o noso medio ambiente”.

Para solicitar os composteiros, todas as persoas interesadas deberán solicitarlos ao Concello. Poderao facer, ben a través dun correo electrónico a concello@boqueixon.com ou ben chamando por teléfono ao número 981 513 061.

“Dende SOGAMA enviarán ata un total de 50

composteiros que iremos entregando ás persoas interesadas segundo se vaian solicitando”, concreta o rexedor boqueixanés. Dende o Concello, co apoio de SOGAMA, ofrecerase o asesoramento preciso para a instalación e utilización dos contedores.

Vantaxes

Entre as vantaxes da compostaxe caseira cómpre salientar que, desde o punto de vista ambiental, se logran depositar menos refugallos no contedor verde. Deste xeito, propíciase unha redución da frecuencia de recollida do lixo e, ademais, aminóranse as emisións de CO₂.

“Aportando entre todas e todos o noso gran de area, poderíamos reducir a factura correspondente á recollida de lixo”, concreta Manuel Fernández Munín. Neste senso, lembra que arredor do 40% do lixo é de tipo orgánico e que, por tanto, se podería reconvertir en compost.



O Concello disporá de ata 50 composteiros para entregar á veciñanza

Recepción á veciñanza para celebrar o Día do Patrón do municipio

Boqueixón celebrou o Día do San Vicente, patrón do Concello, coa tradicional recepción á veciñanza no Consistorio. O acto estivo presidido polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e contou coa presenza de integrantes da Corporación Municipal.

A Banda de Música de Negreira amenizou a recepción á veciñanza no Salón de Plenos e tamén ofreceu un concerto co que se pechou o programa de actos. Este tamén contemplou a celebración dunha misa na honra do patrón do Concello.



A Banda de Música de Negreira amenizou os actos previstos polo San Vicente

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 31 06

A Deputación abre ata o día 15 o prazo para pedir axudas para entidades

A Deputación da Coruña ten aberto o prazo de presentación de solicitudes de subvencións para entidades. As propostas deberán entregarse antes do 15 de febreiro. As liñas de axudas están divididas en catro categorías.

A primeira está dirixida a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia. As tres restantes diríxense a entidades sen ánimo de lucro. Ofrécense liñas para actividades propias; para apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas, e para realizar investimentos culturais durante o ano 2019.

Pódese consultar toda a información na web municipal ou no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com ou no teléfono 981 513 115).

Alumnado de ESO visitou a mostra 'A violencia de xénero dille Non'



Dous grupos de alumnas e alumnos de ESO do CPI Antonio Orza Couto tras a súa visita á exposición

Alumnado de ESO do CPI Antonio Orza Couto visitou a mostra Á Violencia de Xénero dille Non, que se expuxo en xaneiro no consistorio boqueixanés. Os dous grupos de mozas e mozos asistiron nunha xornada na que, ademais de percorrer a exposición, participaron nun debate sobre aquelas situacións reflectidas nos paneis que lles resultaron máis impactantes, ou coas que identificaban máis o seu día a día.

Neste senso, dende o CIM boqueixanés, que coordinou esta visita á mostra promovida a través da Rede de entidades locais contra a violencia de Xénero, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e a Federación galega de Municipios e Provincias de Galicia, salientan a participación do alumnado. Agradecen a boa acollida recibida pola veciñanza.

Durante a semana e media que a exposición per-

maneceu no consistorio boqueixanés foron moitas as visitas recibidas. Entre elas tamén se atopa un grupo de adultos que asisten a un curso de informática impartido pola técnica do plan de inclusión social, Belén Piñeiro. Tamén neste caso, xerouse un pequeno debate final arredor da colección de paneis expostos, sobre os que as persoas asistentes ofreceron a súa visión sobre a influencia das novas tecnoloxías na mocidade.

Boqueixón e Vedra ofertan un Curso de Monitor de Tempo Libre

Os Concellos de Boqueixón e Vedra, a través das súas OMIX, veñen de convocar unha nova edición do Curso de Monitor de Tempo Libre. Trátase dunha acción formativa dirixida á mocidade de entre 18 e 30 anos e que dará comezo no próximo mes de abril.

As inscricións deberán formalizarse na OMIX de Boqueixón durante o presente mes de febreiro.

Este curso ten un límite de 25 prazas e ofrece un total de 200 horas de formación que se complementarán con 150 horas de prácticas en entidades.

O prezo e os horarios dependerán no número de persoas que formalicen previamente a súa solicitude de participación nesta proposta formativa. Dende a OMIX de Boqueixón animan á mocidade a inscribirse neste curso.



Máis de 400 persoas asistiron á Tarde de Reis

Máis de 400 persoas participaron na Tarde de Reis organizada polo Concello de Boqueixón no pavillón municipal do Forte. A cativada gozou xogando nos hinchables e tamén participando en obradoiros para toda a familia. O intre máis agardado da tarde foi arredor das 19.00 horas coa visita das Súas Maxestades de Oriente.

Recibidos polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e polo edil Alejandro Bermúdez, os Reis Magos ocuparon os seus respectivos tronos onde entregaron agasallos aos cativos e ás cativas de entre 0 e 12 anos. Así, os e as bebés de 0 a 3 anos levaron unha hucha; os pequenos e as pequenas de 4 a 8 recibiron un mandilón para pintar, e os de 9 a 12, unha cantimplora.

Esta xornada, organizada polo Concello de Boqueixón, contou coa colaboración de Gasolineras SBC para o sorteo de agasallos.



As Súas Maxestades de Oriente acudiron ao pavillón municipal do Forte para entregar agasallos á cativada de 0 a 12 anos



O alcalde de Boqueixón durante a recepción aos Reis



Os Magos acompañados dos e das paxes no consistorio

AXENDA DO MES DE FEBREIRO

Venres
1

Saber... drogas

CPIP Antonio Orza Couto
Obradoiros de Prevención de Condutas Adictivas dirixidos a 1º de ESO.

6
e 13

'Entrenamento en Habilidades Sociais'

CPIP Antonio Orza Couto
Obradoiros dentro do Programa de Prevención de Condutas Adictivas no que colabora a Consellería de Sanidade e dirixido ao alumnado 1º de Educación Secundaria.

Venres
15

'Estudar con sentido. Aproveitar o tempo e mellorar a concentración no estudo'

CPIP Antonio Orza Couto
15.30 horas
Obradoiro dirixido a alumnado de 6º de EP, ESO e Bacharelato

Venres
15

Donde se merca a paciencia?
Claves para melloralas
Casa do Concello
19.30 horas
Obradoiro dirixido a

a pais co fin de mellorar a comunicación cos/as seus/súas fillos/as.

e en marzo...

Domingo
3

Entroido dos Xenerais da Ulla en Sergude

Parroquia de Sergude
Percorrido pola parroquia e Alto ás 19.00 horas no campo da festa.

Domingo
10

36º Festa da Filloa de Lestedo

Campo da Festa de Lestedo
Todo o día

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com